

CAMIÑO DE SANTIAGO

COMEDIA SOBRE COSTUMBRES GALLEGAS,

EN DOUS ACTOS E TRES CUADROS,

ORIXINAL DE

LUIS OTERO Y PIMENTEL,

(L. DE OUTEIRO)

PRECIO 2 PESETAS.

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 10416


Biblioteca

Librería 15
Estante 6
Número 276

CADIZ

IMPRESA DE LA REVISTA MÉDICA, DE D. FEDERICO JOLY,
CALLE CEBALLOS, NÚM. 1.

1904



CAMIÑO DE SANTIAGO

COMEDIA SOBRE COSTUMBRES GALLEGAS,

EN DOUS ACTOS E TRES CUADROS,

ORIXINAL DE

LUIS OTERO Y PIMENTEL,

(L. DE OUTEIRO)

PRECIO, 2 PESETAS.

CADIZ

—
IMPRESA DE LA REVISTA MÉDICA, DE D. FEDERICO JOLY,
CALLE CEBALLOS, NÚM. 1.

1904


CAMINO DE SANTIAGO

COMEDIA SOBRE COSTUMBRES GALLEGAS

Es propiedad del autor.
Queda hecho el depósito que
marca la Ley.

Ala ilustre escritora Excm.^a Sra.
D.^a Emilia Pardo Bazán.
R. S. P. de Administrador
El Autor de Deste bene paratempo.

O MEU PENSAMENTO.

i as nosas obras fosen sempre estimadas pol-a índole das intencións, eu podía laudarme, por adiantado, do éxito de esta *Comedia*.

Sempre que por Galicia, ou pra Galicia escribín, fíxeno coa sinxela mostra do cariño que un fillo terno, sinte pol-a sua agari-mosa e desgraciada nay; pois desgracia grande é ver que unha boa parte dos fillos do seu corazón, xemen ausentes do lar en que naceron, por moitas causas, aínda non ben conocidas, e, pol-o tanto, nunca remediadas.

Fora de esto, que merece reflexiós mais fondas, entendo que as costumbres dos campos da nosa terra, non son tan rudas nin toscas, que non merezan representarse mais que por tipos baixamente ridículos, como fan moitos que no nas conocen; e teño por seguro que si pra escribilas e interpretalas, se pon o debido coidado de *escoller bos exemplos*, dentro da llaneza e do xenio natural peculiar dos nosos campesiños, de este modo o teatro gallego pode ser apraudido, e presentarse como a millor escola da xuventú do mesmo país, en especial, da femeniña, que é *a mais interesada* e intelixente, pra darse conta da *virtú do que vexa*.

Con este pensamento por guía, compuxen o CAMIÑO DE SANTIAGO, que quixera fose o camiño da rexeneración, da xusticia e da gloria.

Cádiz 18 de Febreiro de 1904.

Luis Otero Pimentel.

PERSONAXES.

- ALFREDO . . . Estudiante, 16 anos. Traxe das vilas.
- ROSIÑA . . . Aldeana, 16 anos. Traxe do primeiro acto: saya listada, mandil, xustillo, corpiño, zapatos; a cabeza descuberta, peinada con dúas trenzas; un cravel no pelo. No segundo: saya, mantelo con terciopelo, dengue con idem e pano de seda na cabeza.
- ANDREA . . . Madre de Rosiña; 36 anos. Traxes semellantes os da sua filla, sin cravel.
- CAICEÑO . . . 30 anos. Traxe dos curros andaluces, con un paraguas na mao: grandes patillas, das que os framencos chaman de *boca de jacha*.
- UN CAN . . . Un rapás metido nun fol, si non hay un can ensinado, representará á este personaxe.
- MANUEL . . . Padre de Rosiña; 40 anos. Traxes dos labradores acomodados.
- SR. CURA . . . 50 anos. Si se pode, no traxe talar.
- PELENGRIN . . . 60 anos. Traxe do Apostol Santiago, con conchas na capa e sombreiro. Unha cabaza no cayado.

Gaiteiro, tamborileiro, mozas, mozos, parellas bailadoras, romeiros, rosquilleiras, etc.

ACTO PRIMEIRO.

CUADRO I.

(E pol-o vrao.) A escena representa un tarréo, dividido en duas partes por un ruleiro, xunto á un carreiro, que van da esquerda pra dreita dos espectadores: nos costados hay valos, con unha cancela no da esquerda. Na parte do fondo (a mais grande) hay prado, pozo, rego, horta, árbores e silveiras. O longo do ruleiro, na parte céntrica, está deitado Alfredo, boca á baixo, con un libro diante, á cabeza erguida, fronte ó dito costado dreito, mirando pra duas lavercas que cantan é bailan no aire, con vermes nas uñas.

ESCENA I.

ALFR. Xa vos cansaredes de bailar. Eu prisa no na teño; mais terán os vosos fillos... Hey de ver cando baixades, que o niño non debe estar lonxe... ¡Malpocadas! Pensan que lles vou roubar os laverquiños, e ese tempo xa pasou.

(Detrás da cancela sona a vos de unha mociña, que entoa esta cántiga, na cadencia dos campos de Galicia):

O cantar dos arrieiros
e un cantar moy baixiño,
cántano en Rivadavia
resona no Carballiño:
tala lala lala lálaa
tala lila lila lálaaa.

ALFR. ¡Diantre de rapaza! Vaime espantal-as lavercas...
(*A rapaza entra pol-a cancela, e sigue pol-o carreiro, con un cesto no brazo.*)

(*Alfredo, volvendo á cabeza, exclama*) ¡Ah! E Rosiña.
¡Que garrida está, e que ben cantal

ESCENA II.

ALFREDO E ROSIÑA.

- ROSIÑA. (*Parandose con sorpresa, á veira de Alfredo.*)—¡Ay nunca Dios me dera, quen está aquí!... ¿Ti non estabas na vila, Alfredo?
- ALFR. Si, que estabas; pero xa vin.—(*Se incorpora, quedando sentado.*)
- ROSIÑA. ¿E cando viñeches?
- ALFR. Vin onte.
- ROSIÑA. ¿Viñeches pra festa?
- ALFR. Acertaches.
- ROSIÑA. ¿E que estabas facendo?
- ALFR. Facía o que viches, Rosiña; estaba deitado.
- ROSIÑA. Penso que estabas axecendo as laverças, como si aínda foras un neno.
- ALFR. Non tal; estaba estudiando a gramática.
- ROSIÑA. Non mintas, rapás, que tiñas o libro cerrado. Ben te vin mirar pra elas... A tí aínda che gustan os niños... Eu vin onte un de xilgaro.
- ALFR. (*Erguendose é facendo acción de coller ó cravel da cabeza de Rosiña.*)—Non sabía que cantases con tanta gracia.
- ROSIÑA. (*Retirandose, decorosamente, sin deixarse quitar o cravel.*)—Cada un canta ca gracia que ten; pero as maus limpas e quedas, Alfredoño...
- ALFR. Non teñas medo, que non cho roubarey. Non pensaba que foras tan fidalga.
- ROSIÑA. Pois pensaches mal. Sea fidalga, ou non sea, á min non me toca ninguén... O cravel dareicho, pol-a miña mau, si o queres.
- ALFR. E gardareino como recordo da rapaciña mais bonita da nosa parroquia. (*Colle ó cravel e despois de bicalo, méteo na faltriqueira.*)
- ROSIÑA. Moito deprendiches cos estudos, pero eu ben sey que hay outras que che gustan mais. Veremos canto tempo che dura ó cravel.
- ALFR. Hasta que morra...
- ROSIÑA. ¡Que xuncras de rapás! Na vila terás quen che dea outros millores...
- ALFR. Nin na vila, nin na aldea, millor que o teu, non hay ningún.

- ROSIÑA. Anque non te creo, douche as gracias, por lo méreto que fas del.
- ALFR. ¿E que ten o niño que atopaches?
- ROSIÑA. Non se debe decir que-o atopey, por que no no buscaba. Vino estando no prado, pero non sey o que ten. Está na silveira.
- ALFR. Amóstramo.
- ROSIÑA. Non cho amostro.
- ALFR. ¿E por qué?
- ROSIÑA. Por que ti serás como todos, amigo de tocalos, sin ver que magoades os paxariños.
- ALFR. No no tocarey: dime onde está, solamente por sabelo.
- ROSIÑA. Non está lonxe de nosoutros. ¿A que no no atopas?
- ALFR. ¿Non llo amostraches á outros rapaces?
- ROSIÑA. Non amostrándochó á tí, non llo amostro á ninguen.
- ALFR. Moitas gracias; pero dime, Rosiña, quen che enseñou aquelas palabras que din: "As maus limpas, e quedas."
- ROSIÑA. ¡Quen vay ser, miña nay!... ¿Non che parecen ben?
- ALFR. Non digo que sea mal. Segun con quen sea...
- ROSIÑA. Con todos ten que ser igual: no falar, ben se entende á quen se quere...
- ALFR. Eso sí. Vexo que tua nay sabe moito, e que ti *non perdes o tempo*. ¿Queres que te acompañe, e amóstrame o niño?
- ROSIÑA. *Si non tibera prisa*, diríache que viñeras.
- ALFR. ¿E pra onde vas *tan de prisa*?
- ROSIÑA. Vou pra horta de *Fonte Boa*, pol-a verdura pro pote, antes que ferva.
- ALFR. Si-o teu potiño xa ferve
ben cedo empeza a ferver,
o caldo que moito coce
é o millor de comer.
- ROSIÑA. ¡Que diaño de rapás! Xa falas como un copreiro. ¿Ti andiveches con cegos?
- ALFR. Andiven con cegos, e mais con cegas.
- ROSIÑA. ¿E non decían que estabas estudiando pra crego?
- ALFR. Hay tempo pra todo.
- ROSIÑA. ¿E logo, que mais deprendiches? ¿Non sabes mais copras?
- ALFR. Sey outra, pero non cha digo, hasta que me amostres o niño.

ROSIÑA. Non seas cativo: dime á copra, e amostrareicho.
ALFR. Vaya, escoita:

Xa algun mundo corrin
moitas copriñas cantey
moitos xardís atopey
rosiñas poucas eu vin.

ROSIÑA. (*Ríndose.*) ¡Que xenio tan espelido tes ca gramátical
¡Quen pudera estudar! Vaya ven, que che amostra-
rey o niño, pero no no has de axar.

ALFR. No no axarey.
(*Vanse pro fondo, rexistrando as silveiras. Unha silva
préndese na roupa de Alfredo, e el di:*)

ALFR. Tente silva no me prendas
que está lonxe a miña terra,
nunca silva me predeu
que me non ceibase d-ela.

ROSIÑA. ¡Cala home, que se espantan os paxariños!

ALFR. ¿Pero, xa ten paxariños?

ROSIÑA. No no sey, pero si non se espantan os fillos, espántan-
se os pais. ¡Mira onde está! (*Señalando.*)

ALFR. ¡Xa o vexo! ¿E como sabes que é de xílgaro?

ROSIÑA. Porque vin a nay saíndo d-el.

ALFR. ¿Vamos ver o que ten?

ROSIÑA. ¿Non ves que está alto?

ALFR. Non importa. *Eu farey de tallo...*

ROSIÑA. ¡Seique toléas, demo! ¿E ti non tes ollos?...

ALFR. Como si no nos tubera poñéndome boca á baixo...
así... mira... (*Ponse en catro pés.*)

ROSIÑA. (*Botando unha carcaxada.*) Erguete, rapás, que non
me fio das tuas palabras... *Volvendo a cabeza, podías
mirar pro ceo...*

ALFR. Xúroche que non miraría.

ROSIÑA. Non xures, que non fay falta... Podemos arrimar
pedras, e subes tí.

ALFR. Bueno. (*Arriman anacos de madeira, en forma de pe-
dras e súbase Alfredo.*)

ROSIÑA. ¿Xa chegas?

ALFR. Agora cheguey. ¡Ten paxariños!

ROSIÑA. ¿Xa teñen prumas?

ALFR. Aínda non... Estan xiando... ¡Malpocados! Abren o
piquiño, porque teñen fame.

- ROSIÑA. Na barrosa hay miñocas.
ALFR. Xa llas traerán seus pais. ¿Ti quérelas ver? Súbete, que eu baixarey. (*Báixase e dalle a mau a Rosiña, pra que suba. Cando esta está subindo, oise a vos de sua nay que berra detrás da cancela.*)
ANDREA. ¡Rosa! ¡Rosiña! ¡Rosa! ¿Ti estás durmindo, ou afo-gáchete no pozo?
ROSIÑA. (*Correndo pra horta.*) ¡Xa vou!

ESCENA III.

DITOS E ANDREA.

- ANDREA. (*Abrindo a cancela e presentándose.*) ¿Que estás facen-do, mala filla? ¿Este é o caso que fás dos meus conse-llos? ¡Nunca Dios te dera!..
ROSIÑA. Estou collendo os grelos.
ANDREA. ¡Collendo os grelos, mosca mortal! ¿Pra eso fan falta di as horas, e teu pay esperando? Xa te podes pre-sinar, que non che arrendo a ganancia... ¿Quen é este mociño, que se atreve contigo?... A miña filla non está pra facer caso o primeiro que chegue... Pra eso no na crieiy.
ROSIÑA. E Alfredo, o fillo do mestre... que me daba repaso na escola... non me dixo nada malo...
ANDREA. (*Aparte.* ¡Que guapo está!...) ¿E cando viñeches da vila, Alfredo?
ALFR. Cheguey onte.
ROSIÑA. Veu pra festa...
ANDREA. ¡Que ben medrachés! Ben imitas á teu pay nos ollos á nas facciós. ¡Sempre serás tan parrafeador como él! ¿Que estabas falando coa miñanena, que non aten-de nin mira a ningún home?
ROSIÑA. Estaba decindo copras.
ANDREA. ¡Ah! Entonces por eso ti lle facias caso. ¿E sabes moitas, Alfredo?
ALFR. Sey algunhas.
ANDREA. ¿E como son?
ALFR. Non lle teñen que ver.
ROSIÑA. Si teñen, si, que son moy bonitas.
ANDREA. A min as copras gústanme moito: dinos unha, Al-frediño, que nos vamos correndo...

ALFR. Pois compracereina:

Unha noite no muiño
unha noite non e nada,
unha semana enteira
xa vay sendo muiñada.

ANDREA. Esa é mais vella, que teu abó.

ROSIÑA. Sabe outras novas.

ALFR. Direy outra:

Pensa meu pay que me ten
denoite, no seu pé dreito,
e eu ándolle buscando
unha nora do meu xeito.

ANDREA. Esa cántana na terra de arriba.

ROSIÑA. Aínda sabe outras millores, que falan de xardís...

ALFR. Xa no me acordo.

ROSIÑA. Sí se acorda. sí, que fay pouco tempo que-a dixo.

ANDREA. Dinos esa, Alfredoño, non seas vergonzoso.

ALFR. Non sey si será esta:

Xa algun mundo corrín
moitas copriñas cantey
moitos xardís atopey
rosiñas poucas eu vín.

ROSIÑA. Esa é a que eu decía.

ANDREA. ¡Que xenio de rapás! Esa descurríchela ti... Vámonos nena, que boa nos espera: dos estudantes non hay que fiarse, anque estudien pra cregos.

(*Vanse pol-o camiño que trouxeron.*)

CUADRO II.

A escena representa o quinteiro de unha aldea, con un valo e portal de unha eira, no fondo. Os costados, hay casas e bocas de corredoiras. Andrea, Rosiña e Alfredo (que volven da horta) salen da corredoira da dreita dos espectadores e tropezan no quinteiro, co Caiceño, que ven pol-a da esquerda,

ESCENA IV.

DITOS. CAICEÑO.

CAICEÑO. ¡A la paz de Dios, camarás. ¿Son ustedes, por casualidad, gañanes y aceituneras de estos cortijos?

ALFR. El gañan lo será V.

- CAICEÑO. ¿Que ize ese chavaliyo?
ALFR. Digo que...
ANDREA. Cala, Alfredo, déixame a min. (*dirixíndose o Caiceño.*) Vosté que desea saber, cristiano?
CAICEÑO. *Dezeo, zabé, zi ustedes zon vecinos ó tranzeuntes de esta cortijá.*
ANDREA. ¿Pero vosté non e de esta terra, pra saber que esta e unha aldea?
CAICEÑO. *No zeñora: zi lo fuera, no preguntara. Yo zoy xúdito de la noble é ilustre Coimbra.*
ANDREA. ¿E onde está esa vila?
CAICEÑO. Coimbra no es villa; es mucho mas. Es la Atenaz de Occidente, la metrópoli científica y literaria de los ínclitos *luziados*. Es la patria de Viriato, de *Vazco* de Gama, de *Camoenz*, de Pinto, de Almeida, de *Zerpa* Pimentel, de Castro Ferreri, de *Pepe Hillo*, de *Diego Corrientes*...
ALFR. Y de Mamed Casanova...
CAICEÑO. No zeñó: *zepa uté, zeñó barbilampi*, que Mamed Casanova, nació en la región zetentrional del monte Medulio.
ALFR. Pues sepa usted, señor patillas, que Diego Corrientes, nació en la región central, de la serranía de Ronda.
CAICEÑO. (*En actitud amenazadora, encárase con Alfredo, finzindo coller unha navalla da faixa.*) Yo no admito lecciones de ningún chavalejo.
ALFR. (*Baizándose, pra coller un croyo.*) Pues yo no comulgo con ruedas de molino.
ANDREA. (*Meléndose no medio.*) Vaya, déixense de pelexas, que non hay por que. Vosté, señor *extranxeiro*, diga o que quere, que aquí estamos pra servilo.
ROSIÑA. E si quere vir con nosoutras, meu pai lle dirá o que queira saber.
CAICEÑO. *Puez yo quiziera poca coza*. Busco y no encuentro la carretera que va *zall* á la *Bazílica compostelana*.
ANDREA. ¿Ti entendes o que di, Alfredo?
ALFR. Pregunta pol-a carreteira de Santiago.
ANDREA. Aquí non hay carreteiras, pero métase por esa *corredoira* que vay salir o soto; despois pasa o rio, que agora vay baixo, e mais aló pregunta.
ROSIÑA. Tamen pode ir pol-o camiño da ponte, non sea que se afogue *nas laxas da areeira*.
ANDREA. Non se afoga, non, que ben conoce o rio...

ESCENA V.

DITOS, O CAN.

- CAN. (Este personaxe, salta pol-o valo da eira, fay carantoñas a todos e mostra conocer o caiceño).
CAICEÑO. Este perro parece que ha viajado, pues no extraña.
ANDREA. Sempre está viaxando, do palleiro, pra lareira.
CAICEÑO. Cualquiera diría que me conoze.
ANDREA. (Con ironía.) *Ten mais memoria, que algunhas personas.*

ESCENA VI.

DITOS: MANUEL.

- (*Abrese o portal da eira, e aparece*).
MANUEL. (*Escramando.*) ¡Pol-os cravos de Cristo! ¿Pero, muller, ti toleaches, ou que mil rayos e centellas pasa, que fay catro horas que vos estou esperando? ¿Que xente é esta?
ANDREA. Dispensa, Manuel, que foy sin querer. *¿Ti non ves a teu hirmau?*
MANUEL. ¡Meu hirmau!... ¿Onde está? (*mirando o Caiceño.*) ¿E ti elo, Farruco?
CAICEÑO. ¡Yo zoy!
ROSIÑA. ¡Tio!
MANUEL. ¡Farruco!
CAICEÑO. ¡Rozita! ¡Manuel! (*Abrazándose os tres.*)
ANDREA. Abrazareino eu tamen, que *chegou a boa hora.* ¡Farruquiño!

(BAIXA O TELON.)

ACTO SEGUNDO.

CUADRO III.

A escena representa un souto de castaños, en día de romería. Sobre unha mesa hay dous pelexos de viño. Outra mesa ten rosquillas e parrafeando pol-o baixo ca rosquilleira, os dous de pé. No lugar conveniente, aparecen Manuel, Andrea, Rosiña, e-o Caiceño: os dous homes están sentados; as mulleres están acarrexando á merenda que teñen nas alforxas que están colgadas na pola de un castaño, poñéndoa no mantel, a xeito pra merendar, e despois séntanse facendo corro cos homes.

ESCENA I.

ROSIÑA, ANDREA, CAICEÑO E MANUEL.

- MANUEL. ¡Que axéos estábamos onte, de que viñeras pra festa, Farruco. ¿Que idea che dou de chegar de súpeto?
- CAICEÑO. He querido *zorprender* a todo el vecindario, para ver zi alguien me conocía.
- ANDREA. Pois no nos custuo moito traballo conocerte, porque eu conocinte cando empezaches a falar, antes de que chegara o can.
- MANUEL. ¿Pero, o can conoceuno?
- ANDREA. ¿E no no había de conocer? Botouse pol-o valo, cando o sinteu falar e lambeulle os pes.
- MANUEL. ¡Que maravila! E o millor can da parroquia: no no dou por unha besta.
- CAICEÑO. Antes de marcharme, me acompañaba de noche *en las juergas*.
- ROSIÑA. ¿Porque non fala gallego, tío, e entenderíamolo millor?
- ANDREA. Deixa que fale como fala, nena, que da risa oilo.
- ROSIÑA. Pero eu non entendín o que dixo do can.
- ANDREA. Nin eu tampouco.
- MANUEL. Non fay falta entendelo todo: pol-a garmalleira, vaise o canizo. Penso que dixo que-o can, era o seu compañeiro *nas muñadas*.

- CAICEÑO. *Ezo, ezo, quize decir.*
(*Abre unha petaca, ofrece un puro a Manuel, encendendo el outro.*)
- MANUEL. (*Collendo o puro.*) Gracias, home, que este debe ser bo tabaco: por aquí, o que se merca, parece palla. Pero eu non cho fumo puro, que con el teño pra dous dias. (*Pica e fay un pitillo.*)
- CAICEÑO. Es del mejor que *ze* fuma en *Zevilla*.
- MANUEL. ¿Pero, ti tamén estiveches en Sevilla? Pensey que non saliras de Cadis.
- CAICEÑO. He corrió toda la tierra *zalá*. No hay villa, ni ciudad, ni cortijo, ni cortijá, en que yo no camelase alguna *jembra juncá*.
- MANUEL. Agora sí que falaches ben revesado. Fay falta Alfredo, para axudarnos a entenderte.
- ANDREA. Milagro que xa non veu, pero non debe tardar: si vos parece, vamos merendendo.
- ROSIÑA. Alfredo fala co tío, que da xenio. Deprendeu moito cos cegos.
- MANUEL. ¿Que cegos, nin que boy morto? Esta rapaza cada día e mais tola.
- CAICEÑO. No zabemos de que ciegos hablará.
- MANUEL. Fale, de quen fale; ¿que teñen que ver os cegos, cos conocementos de Alfredo?
- ANDREA. Son ditos de mulleres, que os homes non entendedes. (*Empezan a merendar.*)
- MANUEL. ¿De modo sea que ti corriches moitas terras?
- CAICEÑO. He *corrió* mas tierras y mares, que Cristóbal Colón.
- ANDREA. ¡Ave María purísima! ¿Ese non é o que chegou o cabo do mundo?
- CAICEÑO. Zí, pero yo llegué mas allá.
- MANUEL. ¿E como pudo ser eso?
- CAICEÑO. Porque Colón, *ze* hizo á la vela en un barquichuelo mas viejo que Matuzalén, y en *cuantico* llegó al primer banco de arena que hay a la entrada del puerto del otro mundo, la nave *jozicó* y él *ze zaió* por milagro de Dió; pero yo navegué en un *vapó* de más bríos que un toro de ocho yervas, *pazé* los bancos de arena y me colé mas allá del cabo de Fornos.

ESCENA II.

DITOS: ALFREDO.

- ALFR. Boas tardes, señor Manuel, e compañía.
- MANUEL. Felices, Alfredoño: xa pensey que non viñas. Séntate, que chegas a tempo pra merendar.
- ALFR. Moitas gracias: acabo de xantar.
- ANDREA. Séntate, rapás, non sea vergonzoso, e toma un bocado, que cho damos de boa gana.
- ALFR. Xa-o sey; sentareime, pero de merendar non teño gana.
- MANUEL. Pois botarás un trago (*ofrecéndollo no vaso*) e prestarasnos un servicio.
- ALFR. (*Bevendo.*) A salud dos presentes. Estou á sua disposición, pro que poda servirilles.
- MANUEL. Aquí meu hirmau está facendo o conto das terras que correu, e como fala algo en latín, ti podes servirnos de linguaxeiro.
- ALFR. (*Sentándose o lado de Rosiña.*) Verey si podó entendelo, por que fala un latín andalús.
- CAICEÑO. Mucho he *zento* las palabras que hemos *tento* ayer, pero bien comprenderás que todo fué una *guaza*.
- ALFR. No tenga V. pena por eso.
- MANUEL. ¿E que pasou?
- CAICEÑO. ¡Nál Una pequena disputa, por si Diego Corrientez, nació o dejó de nacer aquí o allá.
- MANUEL. ¡Bah! Quen fay caso de esas cousas. Cada un nace onde-o pare sua nay.
- ANDREA. Moy certo.
- ALFR. E cada un e xugado pol-os seus feitos.
- MANUEL. Asi debe de sere, aunque, sempre, non é.
(*Alfredo, de cando en cando, fala baixo, con Rosiña.*)
- MANUEL. Dí Farruco ¿das terras que viches, cal é a millore?
- CAICEÑO. De todas las que mis ojos vieron, la *mejó* es la Andalucía.
- MANUEL. ¿E que cousas ten pra ser a millore?
- CAICEÑO. ¿Que cozas tiene?... ¡La mar!
- MANUEL. Si non ten mais que eso, no nos gana; que mar hay bastante en Galicia.
- CAICEÑO. Aquella es otra mar.
(*Chega o Sr. Cura.*)

ESCENA III.

DITOS: SEÑOR CURA.

SR. CURA. Dios sea con vosoutros: parece que se fay pol-a vida.
(*Érguense todos.*)

MANUEL. É que tamén sea con vosté, Sr. Cura. Estábanos to-
mando un bocado. Sinto que non chegara antes, por
si quería axudarnos; pero aínda pode probar o Ri-
veiro. (*Ofrécelle viño.*)

CURA. Gracias, Manuel; no non probó mais que na misa.

MANUEL. Aquí lle presento a Alfrediño, o fillo do mestre,
que estudia pra crego, en Santiago.

ALFR. (*Descubrindose.*) Servidor de V., Sr. Cura.

CURA. Xa me saludou pol-a mañan na sacristía. É *dos bós*, e
será millor sacerdote.

MANUEL. Tamén lle presento a meu hirmau, que chegou on-
te, de Andalucía.

CAICEÑO. (*Saludando militarmente, sin quitarse o sombreiro.*) A
la orden de *uzía*, zeñó Cura.

CURA. (*Irónicamente.*) Gracias pol-o tratamento, que eu non
sabía que-o tiña. No traxe, na barba e no xeito, estás
feito un verdadeiro andalús, dos que veñen nas cai-
xas de cerillas... *¿E por aló, non hay barbeiros?*

(Entran no souto o gaiteiro co tamborileiro, tocando un
pasa-calle, mozos, mozas e romeiros. Detrás de todos,
solo e indiferente a festa, chega o *Pelegrin*, dirixíndose o
Sr. Cura, a quen saluda e con quen entabra conversación,
mentras que os romeiros se divirten.)

Os músecos deixan de tocar mentras se preparan as pa-
rellas bailadoras, e Manuel ofrécelles viño, decindo:)

ESCENA IV.

DITOS: GAITERO, TAMBORILEIRO, PELEGRIN.

MANUEL. Molla as gorkas, Carragoto, que-as debes ter ben
secas.

GAIT. (*Collendo o vaso.*) Aínda non soprey moito: as gaitas
de Riobó, pouco vento necesitan. A salú de todos.
(*Beve e dalle parte o tamborileiro.*)

MANUEL. Hay mais na bota.

TAMB. Basta con este, seor Manuel. A salú dos presentes.
(*Beve.*)

- UNHA VOS Que toquen un *agarradiño*.
- CAICEÑO. Mejor *zerá* que toquen unas peteneras, o el *ole jerezano*, que *zon* los bailes mas *jacarandozos* del mundo.
(*Risas: todos se fixan no Caiceño.*)
- ANDREA. Que toquen o baile dos ánxeles, que é-a muiñeira.
(Tócase a muiñeira, bailandoa, catro, seis, ou mais parellas, que esten preparadas. Os bailadores, todos deben ter castañolas: as bailadoras, deben bailar moy modosiño, *levando os pes a rentes do chao*, como bailan nas riveiras do Ulla. De este modo, a muiñeira é-o baile campestre, mais vistoso e decente de todos cantos se conocen.
Rematado o baile, todos fan corro o Caiceño, e Manuel di:)
- MANUEL. Mentras descansa o gaiteiro, dinos que *crase de mar* ten Andalucía, que tanto che agradou.
- CAICEÑO. Pues... resulta, caballeros, que la mar de Andalucía, en el *coló* es igual á la nuestra; pero en el *sabó*, es muy distinta...
- ANDREA. Pois eu pensaba, que todas tiñan o mismo sabore.
- CAICEÑO. Pues no *ez azi*... Los mares, *zon como las tierras*. Unos dan buenos peces, y otros dan unos tiburones, que tiembla el ministerio... Pero allí, el mar y la tierra, aunque *zon dos cosas* distintas, encierran un *zolo sabó* verdadero. Y hay unos hombres ¡que hombres! y unas *jembras*, ¡que *jembras*! y unos *cantaores*, ¡que *cantaores*! y unas *bailaoras*, ¡que *bailaoras*! con unos *andares*, ¡que *andares*! y unas *caeras*, ¡que *caeras*! y unos *arrabales*, ¡que *arrabales*!
- ANDREA. ¿E Sevilla, e mais grande que Santiago?
- CAICEÑO. ¡Que *zi* es mas grandel... ¿No ha de *zer*?... *Zantiago*, cabe dentro de la catedral de *Zevilla*.
- VARIAS VOCES. ¡Ave María purísima!
- CAICEÑO. *Zin* pecado concebida... Y tiene un río, ¡que río! lleva mas agua, que todos los de Galicia juntos.
- VOCES. ¡Jesús!
- CAICEÑO. Aquel río, *ze* llama el *Guadalquivir*, que quiere decir... *No hay mas que ver*.
Aquel río, hasta que llega a *Zevilla*, es tan dulce, como la miel; pero allí, el agua *ze* vuelve completamente *zalı*: allí empiezan las *zalin*as, y como el río *va zalı* al mar, por *ezo* el mar es *zalıo*.
- ANDREA. ¿E porque pasa eso?

CAICEÑO. Pues *ezo* *paza* por un procedimiento físico... que os voy á esplicar, para que no pequeis de ignorantes.

En *Zevilla*, hay la costumbre de que por las mañanas, á la *zalia del zol*, que allí ziempre tiene mucho fuego, todas las zevillanas, de 15 á 40 años, menos las enfermas y las imperfectas, zalgan á bañarse en el río; y como todas son muy *retezaldás*, por *ezo*, después del baño, el agua queda como la zalmuera.

ANDREA. ¿E con que van cubertas?

CAICEÑO. Con una gaza... ¿Sabeis lo que es una *gaza*?

VOCES. Non.

CAICEÑO. Pues una *gaza*, es una túnica como una telaraña, muy fina, muy cristalina y muy trasparente; que zi no zirve para tapar, zirve para dar brillo y esplendor, á lo que tapa.

ANDREA. ¡Arrenégote demó! ¡Que cousas se ven pol-o mundo!

GAIT. ¿E mentras que as mulleres se bañan, onde están os homes?

CAICEÑO. Los hombres madrugan más que las mujeres, para ocupar buenos puestos... Todos están en las ventanas, balcones, cierros, galerías y demás alturas, convertidas en miradores; para presenciari el baño de las mujeres. Los que tienen mucho dinero y gusto para gastarlo, presenciari el espectáculo matinal, desde la torre de la Giralda, con buenos anteojos de larga vista, teniendo allí buena provisión de amontilláo y manzanilla.

TAMB. Estanme dando ganas de ir pra esa terra...

ANDREA. ¿E ti namoráchetes, por aló, Farruco?

CAICEÑO. ¿Que zi me enamoré?... Escucha: (*O Pelengrin, é-o señor Cura, prestan atención.*)

CAICEÑO. Tengo una pena muy grande
sin poderlo remediar,
¡Andalucía del alma,
yo no te puedo olvidar!

Tengo una promesa hecha
á la Virgen macarena,
para volver á mirar
los ojos de mi morena.

De mi morena que está
en el barrio de Triana,
robando los corazones
que miran á su ventana.

Allí está con mas contornos
que el mismo Guadalquivir,
más alta que la Giralda
y que la palma gentil.

Ella de mí se prendó
con muy ardiente pasión
y en pago de su cariño
le entregué mi corazón.

PELENG. (*Con moita entoación:*)

Tengo un sentimiento en mi pecho
que, a mi placer, jamás podré expresar,
jamás del destino espero el derecho
de poderlo extinguir, ni deplorar;
juzgando siempre al hombre por su hecho,
lo que en muchos contemplé fué mi pesar,
y solo en el seno del dolor profundo,
hallo gratas emociones en el mundo.

¡Salve! Campos placenteros de Galicia,
en cuya floresta, tierno amor sentí,
por cuyos valles, con infantil delicia,
como el ave canté, con candor corrí;
y al fulgor de la épica milicia
que, en sueños de oro, victoriosa ví,
de tus confines la linde traspasé
y del globo la esfera, con honor pisé.

Con honor, sí, mi noble cuna amada,
que escudo fué de mi pecho ardiente,
avaro de tu honra, egregia y elevada,
pues nunca idea vil, manchó mi frente;
ni la fiereza altiva y malhadada
marcó senda á mi pasión vehemente,
pues se estrella el brazo del tirano
si el honor guía al linaje humano.

De la insana avaricia, la impiedad,
de la injusticia, el dolo, el deshonor,
las envidias, el fausto y la maldad,
vengo huyendo con pena y con horror;
anhelando, de estos campos, la humildad,
su nobleza, sus encantos, su gran dolor,
y cuando mis plantas a ellos retornaron,
lágrimas ardientes mis ojos arrasaron.

¡Salve! mater dolorosa y venerada,
siempre tus virtudes con pasión canté,

y al verte por el vulgo mal juzgada,
su error y su injusticia deploré;
que si España gime y está postrada
jamás por culpa de tus hechos fué,
pues siempre halló bálsamos la cuita
en tu ternura excelsa é infinita.

Tu eres la cabeza y la corona
de España, de la fé, la cristiandad,
tu fama, en el orbe entero abona
una régia y augusta magestad;
el cántabro en tus costas se aprisiona,
el océano á tus pies rinde humildad,
en tus montañas la salud impera
y en tus cabañas el amor se encierra.

Rompiendo las cadenas y las vallas
que a mis piés el error había ligado,
ante el Apóstol, Rey de las batallas
mis votos y mi fe he consagrado;
libre de peligros, barreras y murallas,
por favor que Dios me ha otorgado,
agena el alma a terrenal codicia,
la gloria pido á Dios, para Galicia.

FIN.

POLÍTICA MILITAR Y CIVIL

Terminada la reimpresión de esta obra, del mismo autor, ampliada considerablemente, y con un Apéndice que contiene los juicios emitidos por la prensa y por varias eminencias nacionales y extranjeras; los que deseen adquirirla directamente, dirigirán los pedidos al autor, en el Gobierno Militar de Cádiz.

Su precio en España, **6 pesetas**; en el Extranjero, 7, franqueada.

En la Isla de Cuba dirigir los pedidos de aquella obra y de esta Comedia á D. Antonio de P. Cea, Director del Semanario *Follas Novas*, Animas 45.—Habana.

